

PROXECTO DE VIVENDAS ACCESIBLES,  
COMUNITARIAS E SUSTENTABLES NA  
CIDADE DA CORUÑA.

LUGAR DE ENCONTRO:

RÚA ÁGORA, S/N, 15010 A CORUÑA



TODAS AS PERSONAS TEMOS DEREITO  
A UNHA VIVENDA ADAPTADA Á NOSA  
SITUACIÓN.



OUTRA FORMA  
DE VIVENDA

635839677 / 691180604

info@outraformadevivenda.org

www.outraformadevivenda.org



OUTRA FORMA  
DE VIVENDA

COOPERATIVA DE VIVENDAS  
ACCESIBLES, COMUNITARIAS, SUSTENTABLES  
A CORUÑA

REUNIÓN INFORMATIVA PARA PERSOAS INTERESADAS

7 DE OUTUBRO DE 2015

19:30 H

AULA 9. CENTRO ÁGORA (A CORUÑA)

## ¿QUEN SOMOS?

Somos un grupo de persoas e profesionais de diversas áreas (terapia ocupacional, arquitectura, comunicación, traballo social, psicoloxía,...) que, baseándose en experiencias e problemáticas próximas, deciden unirse co interese de desenvolver esta iniciativa común.

## ¿QUE QUEREMOS?

- Impulsar un proxecto piloto de vivendas accesibles, sustentables e comunitarias, no que as persoas interesadas tomen parte activa na súa promoción, deseño e xestión.
- Reivindicar o dereito a vivenda digna, tendo en conta as situación de cada unidade de convivencia.
- Propoñer outra forma de construír e habitar, respectuosa e considerada co medio ambiente e coa saúde das persoas.
- Estender a idea de habitar máis aló da vivenda propia, primando as relacións dentro da comunidade e co barrio.

## ¿A QUEN NOS DIRIXIMOS?

Outra Forma de Vivenda é un proxecto aberto á participación de calquera persoa ou organización interesadas. Pódese tomar parte de dúas maneiras: como futuro/a residente e/ou como colaborador/a (con tempo e traballo, con achegas económicas, ou con calquera outro tipo de apoio).

## ¿QUE PROPOÑEMOS?

Pensamos que as vivendas deste proxecto deberían reunir como mínimo tres características. Así, serán:

### a) Accesibles:

- Ofrecendo a posibilidade dunha vida independente e autodirixida, que a través dun deseño universal e inclusivo, facilite a autonomía das persoas nas súas casas e actividades cotiás.
- Con espazos accesibles que poidan axustarse ás necesidades específicas de cada unidade de convivencia, xa que non existe un modelo de vivenda ideal, senón unha vivenda única para cada un.

### b) Comunitarias:

- Facilitando a creación de sinerxias, tanto coa propia comunidade, como co seu barrio, en particular; e co tecido social, en xeral.
- Fomentando a autonomía non só dentro do domicilio, senón tamén nos espazos comunitarios e no barrio.
- Promovendo unha convivencia colaborativa e participativa dentro da comunidade, que atenda ás diferentes unidades de convivencia na súa diversidade, e que abranca a totalidade do proceso (formación do grupo, deseño, materialización e uso).

### c) Sustentables:

- Empregando materiais respectuosos co ambiente e coa saúde das persoas.
- Con criterios de eficiencia enerxética (tanto na construción como ao longo da vida útil das vivendas), e de aforro e aproveitamento dos recursos en xeral (reciclaaxe, materiais renovables, etc.)
- Cun custo asumible que non supoña unha carga económica desproporcionada para os seus habitantes.

## ¿POR QUE XURDE ESTA IDEA?

A raíz de experiencias propias, decatámonos da escaseza de recursos habitacionais que facilitasen o benestar e a promoción da autonomía das persoas. Existe unha necesidade real de que os fogares sexan accesibles, pensados dende o deseño universal, e onde calquera poida vivir acorde aos seus requisitos e á súa situación.

Ademais, entendemos que nos atopamos nunha etapa na que cabe mudar o xeito de facer as cousas, tanto no sentido de promover unha cidadanía activa disposta a participar da definición e construción do seu hábitat como no de incorporar decididamente o respecto pola natureza e a atención á problemática ambiental como eixo fundamental do proceso.

